



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

**Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Sostible**



**Análise de Evidencias  
e Impactos do Cambio  
Climático en Galicia**

## *Conclusións*

### *Evidencias do Cambio Climático en Galicia*

*11 de febreiro 2008*

# Climatoloxía

- Tense detectado un incremento da temperatura do planeta de  $1.3^{\circ}\text{C}$  nos últimos 400 anos. Non é esperable un enfriamiento do planeta debido as características orbitais nos próximos 30000 anos. Non pode descartarse un cambio climático abrupto (rápido enfriamiento).
- En Galicia, a temperatura media aumentou  $0.18^{\circ}\text{C}/\text{década}$  no periodo 1961-2006 ( $0.8^{\circ}\text{C}$ ). Despois da década dos 70, o incremento é casi o duplo.
- Aumenta o número de días e noites cálidas e diminúen os días fríos e noites frías.
- A cantidade total anual de precipitación non mostra variacións significativas, pero sí a distribución das chuvias; diminución no mes de febreiro, e aumento no outono.
- Aumentan os episodios de chuva intensa en outono e diminúen en primavera.
- O período baleiro de xeadas aumenta en xeral, e o número de días de neve diminúe.
- Cando a temperatura media diaria,  $(T_{\text{max}}+T_{\text{min}})/2$ , é superior a  $30^{\circ}\text{C}$ , a mortalidade por todas as causas increméntase entre un 10 e un 65% respecto a temperatura de confort.

# Ecosistemas mariños

- A temperatura media anual da auga superficial oceánica fronte as costas de Galicia ten aumentado de xeito significativo nos derradeiros 45 anos, e especialmente dende hai 30 anos a unha taxa media de 0,27°C/década.
- O fenómeno de afloramento costeiro, ligado a frecuencia e intensidade dos ventos do nordeste, é o principal responsable da fertilidade das costas galegas. Nos derradeiros 40 anos, o período do ano en que os ventos son favorable ó afloramento tense reducido en 75 días (un 30%) e a intensidade media de afloramento nun 45%.
- A consecuencia da redución do afloramento, o tempo de renovación das Rías Baixas duplicouse nos derradeiros 40 anos.
- A produtividade neta das Rías Baixas non se ten visto especialmente afectada pola redución do afloramento, só un 13% nos derradeiros 40 anos, esta si que ten afectado á plataforma adxacente, onde a redución da produtividade neta tense estimado nun 52%.
- O incremento do tempo de residencia da auga nas Rías fixo crecer o número de días ó ano que os polígonos de cultivo de mexillón están pechados á extracción de bivalvos.
- Os impactos sobre as especies explotadas son difícilmente avaliábles dada a influencia antrópica. Non obstante é posible que a redución da intensidade e duración do proceso de afloramiento se traduza nunha diminución da produción de polbo, berberecho e ameixa babosa, e un aumento do percebe.
- A aparición de novas especies de peixes de carácter tropical en Galicia é un fenómeno relativamente recente que se ten visto fortemente incrementado durante os últimos anos, en concomitancia co aumento da temperatura da auga e a caída do afloramento.
- Estímase que a acidez das augas nas Rías ten aumentado 0.1 dende a época preindustrial.
- O nivel do mar na Ría de Vigo elevouse 16 cm nos derradeiros 60 anos.

# Ecosistemas terrestres

- O incremento do CO<sub>2</sub> de orixe fósil na atmósfera galega mostra a súa pegada na composición isotópica das masas forestais, observándose un descenso do C13 nos aneis de crecemento dos árbores no periodo 1979-2003.
- A proliferación de axentes patóxenos das masas arboreas parece ter aumentado de xeito significativo nos últimos anos, como consecuencia do incremento da temperatura de inverno.
- Os índices meteorolóxicos de perigo de incendios forestais analizados evidencian claramente unha tendencia a un significativo empeoramento nas condicións de inicio e propagación do lume en Galicia nos últimos decenios.
- Obsérvase un agravamento da situación de perigo de incendios en Marzo e Xuño, ademais do sostido incremento na típica época estival de maior risco (Xullo a Setembro). Polo tanto, advírtese unha expansión e un máis pronto comezo da tempada de incendios.
- Nas fases fenolóxicas (floración, maduración, etc) aprézase un adianto nos últimos trinta anos que no caso da vide na provincia de Pontevedra oscila dos 18 aos 25 días.
- Os recursos hídricos superficiais manifestan tendencias complexas que parecen singularizarse nun comportamento diferente do sistema Sil-Miño da Galicia atlántica